

A close-up photograph of a yellow flower, likely a Mimulus aurantiacus, with its petals and stamens clearly visible. The flower is in sharp focus, while the background is blurred. The lighting is soft, highlighting the texture of the petals.

Salón Teatro

Programación **primavera 10**



centro
dramático
galego

SALONTEATRO

maio
2010

Dossier de prensa

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

temporada 2009-2010

Programación Salón Teatro maio 2010

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

Programación maio 2010

Maio					
Día	Hora	Espectáculo	Compañía	Xénero	Pág.
Sábado 8	20.30	Sexo? Por que non?	EME2	Teatro	5
Domingo 9	18.00	Sexo? Por que non?	EME2	Teatro	5
Mércores 12	22.00	Festival Sinsal Extensión Salón Teatro	Vashti Bunyan	Música	7
Xoves 20	20.30	Dúas beiras	Lorena Lores	Música	8
Sábado 22	20.30	La función por hacer	Kamikaze Producciones	Teatro	10
Domingo 23	18.00	La función por hacer	Kamikaze Producciones	Teatro	10
Luns 24		Curtocircuíto		Cine	11
Martes 25		Curtocircuíto		Cine	11
Mércores 26		Curtocircuíto		Cine	11
Xoves 27		Curtocircuíto		Cine	11
Sábado 29	20.30	La charca inútil	Kproducciones	Teatro	12
Domingo 30	18.00	La charca inútil	Kproducciones	Teatro	12
Luns 31		MITU		Teatro	13

Índice por espectáculos

Teatro

Sexo? Por que non?

EME2 EMOCIÓN&ARTE (Galicia)

Sábado 8 ás 20.30 h e domingo 9 ás 18.00 h

Autoría: Franca Rame, Darío e Jacopo Fo

Dirección: Álvaro Lavín

Elenco: Mercedes Castro

Música

Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro

Vashti Bunyan (Reino Unido)

Mércores 12 ás 22.00 h

Música

Dúas beiras

Lorena Lores (Galicia – Arxentina)

Xoves 20 ás 20.30 h

Teatro

La función por hacer

KAMIKAZE PRODUCCIONES (Madrid)

Sábado 22 ás 20.30 h e domingo 23 ás 18.00 h

Autoría: Miguel del Arco e Aitor Tejada

Dirección: Miguel del Arco

Elenco: Israel Elejalde, Bárbara Lennie, Míriam Montilla,

Manuela Paso, Raúl Prieto e Cristóbal Suárez

Cine

Curtocircuíto. Festival Internacional de Curtametraxes

Do luns 24 ao xoves 27

Organiza: Concellería de Cultura e Centros Socioculturais do Concello de Santiago

Teatro

La charca inútil

KPRODUCCIONES (Madrid)

Sábado 29 ás 20.30 h e domingo 30 ás 18.00 h

Autoría: David Desola

Dirección: Roberto Cerdá

Elenco: Adolfo Fernández, Sonia Almarcha e Miguel Palenzuela

Teatro

XI Mostra Internacional de Teatro Universitario

Do luns 31 de maio ao domingo 5 de xuño

Promove: Aula de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela


Teatro



Sexo? Por que non?

EME2 EMOCIÓN&ARTE (Galicia)

Sábado 8 de maio ás 20.30 h e domingo 9 ás 18.00 h



Autoría: Franca Rame, Darío e Jacopo Fo

Dirección: Álvaro Lavín

Escenografía e vestuario: Curru Garabal

Composición musical e deseño do espazo sonoro: Anxo Graña

Iluminación: Afonso Castro

Elenco: Mercedes Castro

Por que case nunca falamos de sexo? Por que, se o facemos, sempre o tomamos desde os complexos e o estereotipo? Xa que o sexo é unha parte central das nosas vidas, por que nos é tan difícil compartir as experiencias que o rodean? Con Mercedes Castro sobre as táboas e baixo a dirección de Álvaro Lavín, *Sexo? Por que non?* é unha comedia trepidante na que desde Adán e Eva ata os nosos días se mostran situacións cotiás en torno ao encontro carnal e ao pouco que del sabemos na sociedade occidental. Unha comedia reflexiva, para mozos e maiores, un punto de encontro humorístico para rachar cos tópicos e os tabús.

Franca Rame decidiu poñer en escena un libro escrito polo seu fillo, Jacopo Fo, titulado *O Zen ou a arte de foder*, que tivo un éxito desmesurado entre a mocidade italiana nos anos noventa. Arroupada polo seu marido Darío Fo e polo propio Jacopo, construíu un monólogo á altura da grande actriz que é, no que é difícil de diferenciar a voz de Franca da do personaxe que interpreta. Estreado baixo o título *Sesso? Grazie, tanto per gradire!* en novembro de 1994 no Teatro Comunale de Cervia, o espectáculo estivo máis de catro anos en cartel en Italia.

Álvaro Lavín (director)

Natural de Madrid, cunha extensa carreira como actor e director en España e Portugal, Álvaro Lavín traballa activamente no mundo do teatro e do cine desde hai máis de vinte anos. Como membro fundador de Teatro Meridional, dirixiu máis de vinte e cinco espectáculos, algúns do éxito de *La verdadera historia de los hermanos Marx*, onde tamén interpreta a Groucho; *Miguel Hernández*, *Calisto*, *Romeo*, *Cyrano*, *Negra!* ou *Qfwfq, una historia del Universo*. O premio Ojo Crítico de RNE ou o premio Nacional de Teatro en Portugal, outorgado pola Asociación Nacional de Críticos, son algúns dos galardóns que recibiu.

Mercedes Castro (actriz)

Actriz e emprendedora nacida nas Pontes de García Rodríguez, Mercedes Castro destaca pola súa consolidada traxectoria no panorama escénico e audiovisual galego e pola súa faceta empresarial dentro do sector. Sobre as táboas ten participado nas montaxes de *Fálame de ti*, monólogos de temática feminista de Franca Rame e Dario Fo, baixo a dirección de Cristina Domínguez; *Para o leste do Gantry*, de Edward Thomas, da Factoría Teatro, coa que gañou o premio María Casares á mellor interpretación protagonista feminina; e *A viaxe de Lola*, de creación colectiva, coa que fixo unha extensa xira por todo o Estado.

Música

■ Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro

VASHTI BUNYAN (Reino Unido)

Mércores 12 de maio ás 22.00 h



O caso de Vashti Bunyan é unha estraña illa na historia da música popular, pois desapareceu durante trinta anos para ser recuperada e voltar aos estudos de gravación arroupada por unha nova xeración.

Nacida en Londres en 1945, Vashti Bunyan decide dedicarse á música tras unha viaxe aos Estados Unidos a mediados dos sesenta onde tomou contacto coa obra de Bob Dylan e outros cantautores. Á súa volta ao Reino Unido é descuberta polo manager dos Rolling Stones, e comeza a gravar singles con cancións alleas máis algunha propia.

En 1970 edita o que será o seu primeiro álbum, *Just Another Diamond Day*, sen sorte na venda e axiña descatalogado. Pasa os seguintes trinta anos vivindo no anonimato da súa familia mentres o seu disco vai pasando de man en man, medrando aos poucos e ás súas costas ata que chega o ano 2000 e unha nova xeración de músicos interesados no folk o revitaliza. Convértese así na artista de culto de referencia para artistas como Devendra Banhart ou Joanna Newsom.

En 2005, trinta e cinco anos despois do primeiro, ve a luz o seu segundo disco *Lookaftering*, unha presada de novas cancións que afondan no seu estilo sinxelo e na súa voz doce e delicada. O nome do disco describe precisamente todo o que aconteceu na súa vida durante este impás: fillos, amigos, amantes, natureza... Rodeada de colaboradores como Banhart, Adem, Adam Price, Kevin Barker, Joanna Newsome, Otto Hauser, o arranxista e produtor Max Richter e vellos coñecidos como Robert Kirby, Vashti concibiu un disco delicado e austero. Nesta ocasión, a instrumentación, ademais de guitarra acústica, abrangue piano, dulcimer, arpa, oboe e glockenspiel (unha especie de pequena marimba). Vashti Bunyan, como na súa canción *Here Before*, está aquí antes, nalgures onde o tempo non pasa para a música.

Música

■ Dúas Beiras

LORENA LORES (Galicia)

Xoves 20 de maio ás 20.30 h



A cantante Lorena Lores presenta *Dúas beiras*, un espectáculo no que, por medio da música e da danza, amosa a cultura das dúas beiras do Atlántico, a galega e a riopratense, e o enriquecemento producido polo encontro de ambas, como froito da emigración. No concerto conxuga cancións tradicionais galegas, outras da súa autoría, tangos e cancións do folclore arxentino.

Entre os temas que interpretará destacan *Alecríns*, *Dúas beiras*, *Lela*, *Meu pai*, *Ailara*, *Os teus ollos*, *Quinta provincia*, *Estróupele*, *Alfonsina y el mar*, *Yo vengo a ofrecer mi corazón*, *Gracias a la vida*, *El día que me quieras*, *Cambalache*, *Chiquilín de bacín*, *Naranjo en flor*, *Celos*, *La última curda*, *Desde el alma*, *Nostalgia* e *Garúa*, entre outras.

Filla de grovenses, a súa familia chegou a Arxentina en 1950 fuxindo da ditadura franquista. Seu avó era mecánico e traballaba para un militar ao que lle arraxaba o coche. Unha vez seu avó topouse na mesa deste militar varias sentenzas de morte. Con miga de pan fabricou un falso tampón e selou varias sentenzas de morte coa palabra indulto. Ante a sospeita de seres descuberto, o avó -militante republicano- decidiu marchar a Bos Aires tomando un barco en Bilbao. A súa avoa chegou un ano máis tarde como polisón dun barco que partira desde Vigo.

En 1952, tomaron o barco para Arxentina a nai de Lorena, que daquela tiña nove anos, e súa bisavoa. Nese mesmo barco viaxaba o pai da cantante, que entón tiña 18 anos. Dez anos despois desta viaxe seus pais atopáronse nunha festa da Federación das Sociedades Galegas en Arxentina, un bastión de esquerdas, e alí comezaron a súa relación. A familia de Lorena mantivo unha estreita relación con intelectuais e artistas galeguistas do exilio como Luís Seoane.

Lorena Lores comeza a súa carreira musical en 1990 como cantautora do dúo *Adán y Eva*, actuando en diversos locais e festivais, ata que é contratada como corista por Carlos Mata, a quen acompaña nas súas xiras nacionais e internacionais e presentacións tanto en shows ao vivo como en televisión. En 1993 realiza este mesmo traballo co cantautor venezolano Franco De Vita.

Tras facer coros con Dyango, entre 1995 e 1997 protagoniza o espectáculo *Yo que tú me enamora-ba*, no teatro La Plaza, e un ano despois, lánzase como solista cunha serie de presentacións en teatros (como o Margarita Xirgu, o Bambalinas e La Casona del Conde de Palermo), acompañada polo coro Kennedy. En 1999 protagoniza o espectáculo de tango *Tangou*, dirixido por Aníbal Pachano, coa música de Alberto Favero, en Punta del Este (Uruguai), así como en Bos Aires (Arxentina). Máis tarde co-protagoniza xunto a Chico Novarro o musical *Arráncame la vida*, no teatro Picadilli de Bos Aires.

No ano 2000 viaxa a Galicia e realiza unha xira co seu espectáculo *Entre gaitas y bandoneones*, no que interpreta unha selección de tangos e cancións galegas aprendidas dos seus pais e, a continuación, grava o seu primeiro disco, *Alecríns* (2001), composto por cancións tradicionais galegas e outras da súa propia autoría que presentou no marco da Asemblea da Galeguidade.

Lorena Lores e outros emigrantes arxentinos puxeron en marcha a Asociación de Arxentinos no Exterior da que ela é presidenta.

Teatro

■ La función por hacer (Madrid)

KAMIKAZE PRODUCCIONES

Sábado 22 de maio ás 20.30 h e domingo 23 ás 18.00 h

*Autoría:* Miguel del Arco e Aitor Tejada*Dirección:* Miguel del Arco*Elenco:* Israel Elejalde, Bárbara Lennie, Miriam Montilla, Manuela Paso, Raúl Prieto e Cristóbal Suárez*Aforo limitado a 80 espectadores en butacas sobre o escenario.*

Comeza unha función máis nun teatro calquera. Dous actores afánanse sobre o escenario por contar a historia que se lles encomendara. A obra en cuestión non achega nada novo, pero é áxil, incluso graciosa por momentos. Un espectáculo máis para entreterse. Pero algo estrano sucede durante a representación. Catro persoas aparecen entre o público e fican inmóviles observando aos actores. Este feito crea unha grande incomodidade, non só aos actores, que perden a concentración necesaria para seguir interpretando, senón tamén ao público que non está acostumado a estas interrupcións.

Contradiciendo os desexos do autor que os soñou pero que non quixo, ou non puido conducirilles ao mundo da arte, estes cuatro personaxes falan directamente aos actores e ao público. Intentan captar a súa atención para poder así contarlles, e incluso revivir ante os seus ollos o drama que lles moveu a irrumpir na sala.

Os actores fan ao público partícipe da súa sorpresa: o que está a suceder, é parte da función, é un invento ou se trata dunha conspiración para reventar o espectáculo? Están estes catro personaxes cominchados cos actores ou son simples axitadores? É ésta a función? Desde cando se lle esixe ao público que se exprese durante unha representación de teatro? É isto un acto de terrorismo cultural?

A montaxe de Miguel del Arco e Aitor Tejada é unha adaptación libre da obra máis coñecida de Luigi Pirandello, *Seis personaxes en busca de autor*; nesta versión, nada é previsible e a temática non simboliza o peche do argumento.

Cine

■ Curtocircuíto. Festival Internacional de Curtametraxes (Galicia)

Do luns 24 de maio ao xoves 27

Organiza: Concellería de Cultura e Centros Socioculturais do Concello de Santiago

Máis información en <http://www.curtocircuito.org/>

Teatro

■ La charca inútil (Madrid)

KPRODUCCIONES

Sábado 29 de maio ás 20.30 h e domingo 30 ás 18.00 h



Autoría: David Desola

Dirección: Roberto Cerdá

Elenco: Adolfo Fernández, Sonia Almarcha e Miguel Palenzuela

David Desola escribiu esta obra tras coñecer a través dos medios de comunicación a historia dun profesor que, no ano 2005, foi apaleado por un alumno nos corredores da escola ante a mirada do resto da clase. Estas imaxes foron gravadas pola noiva do agresor co teléfono móbil e vendidas a unha cadea televisiva. A obra aborda esta cuestión utilizando uns personaxes atormentados, vítimas dun contorno opresivo, dunha sociedade que escarva na dor allea. Uns personaxes que se refuxian na loucura para manterse cordos.

La charca inútil conta a historia dun profesor en crise, que tras ser agredido na escola, non quere volver ao ensino. Porén, accede a dar clases particulares a un peculiar alumno, mentres inicia unha curiosa relación coa nai deste: unha muller que vive inmersa no universo que ela mesma creou como refuxio dunha realidade insoportable. Un vello mestre servirá de vínculo nesta estraña relación, dominada sempre por un terrible acontecemento.

A montaxe, galardoada co Premio Lope de Vega de Teatro en 2007, é un drama no que os personaxes mostran o seu desencanto pola crúa realidade da sociedade actual. O texto que protagonizan Adolfo Fernández, Sonia Almarcha e Miguel Palenzuela fala do fracaso escolar pero tamén da busca da felicidade e a dor pola perda.

Teatro

■ **XI Mostra Internacional de Teatro Universitario**

Do luns 31 de maio ao domingo 5 de xuño

Promove: Aula de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

A programación estará dispoñible proximamente na Área de Cultura da páxina web da Universidade de Santiago de Compostela: <http://www.usc.es/cultura/>

VENDA DE ENTRADAS

As entradas para asistir aos diferentes espectáculos do Salón Teatro póñense á venda no despacho de billetes que permanecerá aberto todos os días de función desde dúas horas antes do comezo de cada actuación.

Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web www.caixagalicia.es. O prezo das localidades é de 10 euros (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xove e desempregados), e de 5 euros o domingo, día do espectador.

As funcións da Mostra Internacional de Teatro Universitario son de acceso gratuíto ata completar localidades, previo paso polo despacho de billetes.

